



No novo programa operativo do Fondo Social Europeo (2007-2013) a Administración educativa contempla as seguintes operacións (actuacións) que teñen como finalidade ampliar e mellorar a inversión en capital humano.

- **Recoñecemento, avaliación e acreditación das competencias** adquiridas pola experiencia laboral e os procesos formativos (formais e non formais).
- **Actualización permanente** dos coñecementos dos formadores de formación profesional e de itinerarios integrados de inserción, mediante formación especializada, particularmente en NTIC e en igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- **Actividades en rede entre institucións de ensinanza superior, centros de investigación e empresas.** A finalidade desta actuación é a de realizar proxectos de I+D+i entre os centros integrados de formación profesional, as universidades, as empresas e os centros tecnolóxicos.
- **Formación profesional regrada en módulos relacionados coa sociedade da información.**
- **Desenvolvemento de novas modalidades de oferta formativa para a adquisición de competencias básicas e as correspondentes titulacións.**
- **Programas de cualificación profesional inicial e/ou programas de garantía social.**
- **Medidas de orientación, reforzo e apoio** ao alumnado que ten dificultades para seguir con normalidade a educación secundaria obrigatoria.

Para algunha destas operacións a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria contemplou gastos de funcionamento e, neste momento, xa tramitou o pago do 40% e do 30% deses gastos. Os importes asignados a ese centro por ensinanza están publicados no Portal Educativo e pode consualos tamén na documentación que se achega, que está actualizada a data de hoxe.

Neste novo período, como xa se indicaba no correo electrónico enviado o 26 de marzo, hai algunhas operacións que se manteñen vixentes na súa totalidade, como son os Programas de garantía social (no seu momento tamén o serán os PCIP – Programas de cualificación e iniciación profesional), as Ensinanzas modulares (modalidades de oferta formativa para a adquisición de competencias básicas en distintos sectores produtivos), e a formación do profesorado.

Outras como é a formación profesional específica, so vai a afectar a ciclos formativos relacionados coa sociedade da información. Como consecuencia, nun centro pode haber ciclos formativos con financiación do FSE e outros que non.

Logo, hai outras operacións que son totalmente novas, como son:

- **Recoñecemento, avaliación e acreditación das competencias** adquiridas pola experiencia laboral e os procesos formativos (formais e non formais). Realizaranse, basicamente, a través dos Centros Integrados de Formación Profesional. Para iso constituiranse comisións de avaliación que desenvolverán estas funcións. Anualmente convocaranse probas a través do DOG para que as persoas adultas que teñan experiencias laborais ou teñan realizado cursos de formación non regrados poidan realizar procesos de recoñecemento, avaliación e acreditación das competencias adquiridas ao longo da vida.



- **Actividades en rede entre institucións de ensinanza superior, centros de investigación e empresas.** A finalidade desta actuación é a de realizar proxectos de I+D+i entre os centros integrados de formación profesional, as universidades, as empresas e os centros tecnolóxicos.
- **Medidas de orientación, reforzo e apoio** ao alumnado que ten dificultades para seguir con normalidade a educación secundaria obrigatoria. O Plan Nacional de Reformas de España (PNR) destaca que o fracaso escolar mantense en niveis moi levados en comparación cos países do noso contorno, sendo o **abandono escolar prematuro moi alto** (Segundo o Informe PISA 2003, elaborado pola OCDE, entre un 27 e un 33 % do alumnado non logra superar a Educación Secundaria).

Nesta nova situación resulta que hai novas ensinanzas (MORA), desaparecen as ensinanzas de adultos e os departamentos de orientación, e logo hai ciclos financiados con FSE e outros que non. Todo isto leva consigo que teñamos que readaptar a fórmula para calcular o coeficiente de imputación de gastos indirectos. Con tal motivo modificouse o apartado que aparece no Manual operativo para a xustificación de gastos cofinanciados polo FSE, concretamente nas páxinas que van dende a 77 a 82.

Os centros que imputen gastos indirectos no período 2007-2013 terán que utilizar a nova fórmula adaptada. Para facilitar o cálculo do coeficiente, achégase copia das referidas follas e enviarase por correo electrónico os arquivos en word e excel.

Outra cousa que se modificou en relación coa xustificación de gastos foron os formularios, que no dito Manual aparecían no apartado 8.2 (páxinas 210 a 215).

Neste momento estamos definindo un procedemento en colaboración co CIXTEC (Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico Financeira e Contable) da Consellería de Economía e Facenda que permitirá que, a través de procedementos informáticos, os centros poidan incorporar os xustificantes de gasto e de pago en formato *pdf* no sistema de xestión contable da Xunta de Galicia. De este aspecto faremos unha reunión informativa-formativa unha vez estea definido.

Sen embargo, nese procedemento informático non está contemplado que se inclúa a información do profesorado e do alumnado, é dicir a información correspondente aos formularios 1 e 5.

Tendo en conta que precisamos dispoñer xa desa información para o novo programa e, polo que, se solicita a ese Centro que envíe os formularios 1 e 5 das ensinanzas que teña financiadas polo FSE e que estean funcionando neste momento.

No formulario 1 deberán recollese os profesores que imparten os ciclos formativos de grao medio e superior (ordinarios e de adultos), os profesores que imparten as ensinanzas modulares (ZM e ZS), os profesores que imparten PGS de modalidade A e os profesores que imparten programas de diversificación curricular dentro da operación MORA. Non deberá recollese o profesorado dos PGS de modalidade B nin o profesorado de agrupamentos flexibles. Deberá utilizarse un formulario para cada ensinanza e deberá acompañarse dos horarios individuais de cada profesor e o horario da ensinanza. Os centros que enviaron o formulario de profesorado en outubro deberán, igualmente, cumprimentar este novo formulario e enviar copia dos horarios.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Formación Profesional
e Ensinanzas Especiais

UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



No formulario 5 deberán recollese os datos do alumnado que está asistindo regularmente as diferentes ensinanzas. Neste formulario si deberán figurar os alumnos de PGS Mod-B e alumnos que estean en agrupamentos flexibles. Neste último caso, deberán aparecer de forma diferenciada dos alumnos de programas de diversificación curricular.

No caso de que ese centro reciba gastos de funcionamento para o MORA e non teña en marcha un programa de diversificación curricular deberá comunicar tal circunstancia cando envíe o formulario 5.

Os centros que no vindeiro curso non poñan en marcha os programas de diversificación curricular ou agrupamentos flexibles deixarán de percibir esta partida de gastos de funcionamento, xa que é moi difícil xustificar tal circunstancia ante a Unión Europea.

Aproveito a ocasión para recordarlle a obriga de realizar as oportunas medidas de información e publicidade que sensibilicen ós beneficiarios potenciais así como á opinión pública sobre o papel desempeñado pola Unión Europea en relación coa formación de capital humano, neste senso, lémbrolle que se debe informar ao alumnado que as ensinanzas que reciben están financiadas nun 80% polo Fondo Social Europeo (FSE).

Esta información enviarase tamén por correo electrónico.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2007

O DIRECTOR XERAL DE FORMACIÓN
PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS



Asdo.: Antonio Vázquez Vázquez

Sr./Sra. Director/a